



Mesa Sectorial

23 febreiro 2010

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do ensino de Galiza

A actitude do Director Xeral DE Ordenación Educativa, Mira Lema, na mesa sectorial de hoxe, é un desprezo a todo o profesorado galego e á súa lexítima representación.

Continúa a súa cruzada, que xa roza o esperpento, no tocante a cuestións das linguas.

Na mesa celebrada hoxe na que se analizaba o borrador de Decreto da ordenación da FP o Director Xeral fixo caso omiso de todas as achegas do STEG e das demais OOSS falseando as nosas intervencións e mesmo deixando entrever que non tiñamos capacidade para abordar a cuestión da FP (nunha mesa composta na súa maioría por profesorado de FP). Acusounos de non facer achegas concretas (curiosamente só o STEG fixo mais de 30 achegas ao articulado como podedes comprobar na nosa web) e desviou á atención acusándonos de facer política para xustificar a súa irresponsabilidade de non negociar deixando sen contestar as nosas propostas.

Destacamos algunhas das perlas expresadas desde a Dirección Xeral no que supostamente ía ser unha mesa de negociación:

1. Acusáronos de defender a "Lei de Economía sostíbel" cando o que fixemos ás OOSS é criticar o momento dunha norma (este Decreto) que en breve haberá que modificar atendendo a esta lei que se está a tramitar no Estado
2. Tamén se nos acusa de facer política (como se fose algo malo) en lugar de vir a mellorar o Decreto. O STEG contestou que facemos política educativa e en función desa política facemos as achegas concretas que el non entrou a valorar. O problema é que a nosa política modifica substancialmente o seu Decreto que

emana dunha política educativa distinta e iso é o que non lle gusta.

3. Tamén se afirma que non defendemos ás linguas (só se refería ás estranxeiras) e que este non é un Decreto de galego en alusión as demandas de TODAS as OOSS nesta materia que lle esiximos o cumprimento da lexislación criticando a omisión de calquera referencia á lingua. O que molesta é que non se acepta o seu modelo de introdución de linguas estranxeiras a costa dos currículos en lugar de facer un programa de formación específico para o profesorado e alumnado.

No tocante á lingua galega incumpre a lexislación actual en materia de galego na FP (artigo 11 do Decreto 124) ademais de non existir en todo o Decreto unha mención á nosa lingua. Neste punto houbo consenso sindical ao reclamar a necesidade da presenza da nosa lingua propia que foi rexeitada co "argumento" de que este non é o Decreto de lingua galega.

O STEG e as demais OOSS cumpriron coa súa obriga de facer achegas para mellorar o Decreto que hoxe ía á Mesa sectorial. Esta Dirección Xeral, sistematicamente, está a faltarlle ao respecto ao profesorado galego desprezando os órganos de representación democrática. Esiximos unha inmediata rectificación para que as vindeiras mesas sexan os auténticos lugares de negociación que a lexislación determina.

Secretariado Nacional do STEG
febreiro 2010